

Coa miña gratitude por estar hoxe aquí, neste lugar que leva o nome dun ilustrado como Sargadelos, e que é continuador daquel proxecto que situou a Galicia no mapa do mundo, da modernidade.

Compartindo con Xavier, con Manolo Gallego e Manolo Bragado e con este novo alumeamento dun libro importante. Honrado de falar da obra de Xavier, que é poeta que o teño por compañeiro na chamada xeración dos oitenta ou, máis ben, que iniciamos a andaina nosa nos arredores dos oitenta.

Hoxe está a nos dar libros de pensamento como prolongación da súa poesía porque creo que vén da estirpe de Octavio Paz, de Valente, que complementa o poema co ensaio. Mais antes do ensaio, e moito antes do poema, houbo moito de lectura, de cultivar un idioma fermoso con raíz no humus máis fértil e verdadeiro do ser dos galegos, de se enriquecer culturalmente coa arte, coa música, coa filosofía. Xavier é un poeta culto que ao selo non lle engade peso ás súas asas poéticas senón que o saber dálle lexeza no seu voo poético. En palabras don Miguel González Garcés, *Xavier canta a realidade gozosa da existencia, o goce de vivir e ser galego*. Pois coa súa poesía, a plenitude da existencia das cousas atinxímolos coas palabras, coa palabra poética. Volvendo a don Miguel González Garcés, *para Xavier nada existe se non o gustamos ou percibimos humanamente. A plenitude da existencia das cousas acadarase coas palabras. para Xavier o poeta está nun continuo crear o mundo ateigado de amor, de abraio, sorprendendo pola beleza das cousas que na súa humildade, un canto á liberdade, á plenitude do ser, canto amoroso da existencia humana*.

A súa é unha obra prometeica. Do noso poeta sempre foi o talante pioneiro na procura persoal e a xenerosidade nas empresas colectivas, como forma de afirmación de todo o que deben en vida. Xavier é poeta no seu sentido máis amplo e máis concreto, mesmo cando fai activismo cultural. Eu creo que o día que se faga o estudo da xeración de Xavier, que é a miña, ollarase cómo o pensamento poético vén acompañado dunha implicación social, dunha inmersión na construción da sociedade na que se cree.

Existe un activismo no emprego do idioma como instrumento de creación e de normalidade cultural. Para enmarcar o pensamento ético de Xavier, que subxace en toda a súa obra, toda ética alimenta unha estética, podémola ollar no manifesto no que participa con outros autores e que precede á revista *Luzes de Galiza*, no que se denunciaban as redes clientelares que trababan gravemente a democratización do país e o libre fluír das ideas. Era un tempo no que se demandaba máis democracia porque necesitabamos liberar as nosas enerxías creadoras e favorecer a iniciativa dos individuos e empresas, renovar os elementos máis creativos e anovadores da nosa sociedade e estar en condicións de responder a un entorno cultural social e económico de cada momento.

Xavier é dos escritores galegos que axudan á construír o país e ao mesmo tempo fai que sexa o país quen o constrúe, a el como ser cultural e historicamente formado. A preocupación de Xavier por todo aquilo que signifique a presenza do poeta do creador na construción do mundo, dunha sociedade máis xusta é constante. Así foi sempre cando ten elaborado manifestos e, como exemplo, refírome agora ao escrito en colaboración con Antón Patiño, e que chama atención sobre a potencialidade da creación, que é o motor do mundo nas máis diversas disciplinas, con reflexións e debates, pondo á luz ideas sobre a arte que son sempre necesarias, novas respostas sobre novos tempos, que poderíamos aplicar ao libro que hoxe presentamos.

En Xavier é verdadeiro todo aquilo que fai. Nel están presentes o canto á vida e ao gozo.

Acompañados dun apoio sempre sincero aos artistas, sexan consagrados analizando as súas obras, ou no comezo dos seus pasos, no mundo da incerteza, Xavier é sincero cando comparte a súa amizade. Ler -dinos Italo Calvino- nun seu *Si unha noite de inverno un viaxeiro* é ir ao encontro de algo que está a punto de ser e aínda ninguén sabe que será. Así, ao ler os ensaios de Xavier, transmítenos o pracer da lectura, e imos ao encontro do que será, descubriremos o pensamento que foi elaborado no mais fondo de nós, que é coincidente ca que está a expresar alguén que goza da nosa admiración. Mais segundo estamos a ler o seu fermoso libro, que é un saudar a vida, na defensa das humanidades na sociedade do coñecemento, un sabe que está a facer a primeira lectura, que está diante

dun libro ao que retornaremos, un libro para reler, que a cada páxina nos está a abrir novas xanelas e portas, polas que entrar a mundos que no libro veñen marcadas por esas pedriñas brancas no camiño que son os escritores referenciais, os pensadores que Xavier convoca ao citalos no libro.

Eu como os mestres humanistas do final da idade media que defende Xavier, e cuxa defensa comparto, creo que o texto e os sucesivos comentarios que del fan diferentes xeracións de lectores, fan posíbel infinidade de leituras, que unhas se alimentan de outras.

Este é un libro, como di Alberto Manguel, *os libros coñécennos cando os abrimos, chaman por nós polos nosos nomes, conversan connosco*.

Achéganos Xavier este libro á busca dunha cidadanía crítica, que recolla as sementes que deitou na sociedade a historia das humanidades, e que hoxe estamos a colleitar de xeito inesgotábel. Dalgún xeito somos aínda hoxe en grande parte fillos da ilustración, como nos di no seu libro. As humanidades fan renacer, levan no seu interior a palabra o pensamento xerminativo que conleva unha dialéctica da refundación, día a día do propio pensamento.

Para Xavier sempre é o tempo de elaboración dun sólido pensamento poético que cristaliza en poemas que conteñen unha filosofía, un xeito de coñecemento.

A xeito de manifesto, elaborado con fragmentos de textos elaborados por Xavier ao longo dos anos, dinos:

*Non sabemos a ónde vai o ser humano. A ónde a cultura e as artes. Vivimos coa sensación dun replantexamento global. Unhas veces, cunha angustia de fin de traxecto. Outras, coa alegría dun vasto pano que se abre. Hoxe en día as artes non viven de costas á etnografía e á antropoloxía, á arqueoloxía e aos novos medios tecnolóxicos, á filosofía e á ciencia, á semiótica e á lingüística, á ecoloxía e á arquitectura, á bioloxía e á arqueoloxía industrial.*

*Nada hai alleo ao seu campo. Mentres, é bon sabermos que moitos dos mellores artistas plásticos, músicos, poetas, narradores actuais ... están a trazar unha lúcida clave de arco entre o esplendor das orixes -e a herdanza das diversas tradicións- e as potencialidades virtuais ou imposibles dun horizonte de innovadoras tecnoloxías e espectaculares avances tecnocientíficos.*

E a xeito de conclusión:

*Nada do home nos pode ser alleo. Nada, tampouco, da realidade. Para crear unha vida máis fecunda, unha percepción máis ampla, unha encarnadura máis real.*